

Martes, 29 de xullo de 2025

Núm. 142

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE DE TRÁFICO E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 1864/1102

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de xullo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.— Adxudicar a ANTONIO VIVERO MIJARES con DNI **0882*** o posto de Xefe de Área Mobilidade, Seguridade de Trafico e Extinción de Incendios (referencia posto na RPT: 2010101).

SEGUNDO.— A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.— A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.— Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SGF

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O alcalde.

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024).— María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13.06.2025).— Patricia Rodríguez Calviño

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 70D5GUMFWREY36DT

